

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 22 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no Fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para os exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301U).

BDNS (Identif.): 349534.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as entidades que, na data de entrada en vigor desta orde, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados e/ou inscritos pola Administración pública competente para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta orde ten por obxecto promover na Comunidade Autónoma de Galicia a concorrencia competitiva para a realización de accións de formación profesional no marco do Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020 establecendo os requisitos de participación e criterios de valoración das propostas das accións formativas presentadas polas entidades de formación para a obtención do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 22 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no Fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para os exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301U).



Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 4.353.030 euros (2.176.515,00 euros para 2017 e 2.176.515,00 euros para 2018).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

